


5.- ESCOLLA.

Para que serve?

Unha escolla é unha actividade sinxela na que o profesor plantexa unha pregunta, especificando as posibles respostas que os alumnos poderán dar á mesma. Normalmente, a pregunta estará relacionada co desenvolvemento do curso e o seu resultado axudará a tomar algunha decisión.

Os resultados da escolla vense de forma intuitiva (diagrama de barras coas imaxes dos estudantes) coa información sobre quen elixiu que. O profesorado pode evitar que se vexa que opción elixiu cada estudante naquelas consultas que traten aspectos máis persoais.



Como se crea?

1º Dende a páxina principal do curso, pulsar a opción Activar edición.

2º No tema que se desexe, pulsar sobre o botón Engadir unha actividade ou un recurso.

3º Seleccionar a actividade de tipo Escolla.

4º Finalmente, pulsar sobre o botón Engadir.

Os aspectos a configurar clasifícanse por apartados, igual que no resto de actividades, entre os que destacamos os seguintes:

Xeral

- **Nome escollido:** introducimos o nome que queiramos como título.
- **Descrición:** podemos engadir un pequeno texto descritivo da escolla.

Opcións

- Permitir actualizar a escolla: permítelle ao alumnado a posibilidade de cambiar de opción, despois de que respondera.
- Permitir que se seleccione máis dunha escolla: permite ao alumnado marcar máis dunha resposta como correcta.
- Limitar o número de respostas permitidas: esta opción permítelle limitar o número de participantes que poden seleccionar cada opción de escolla. Cando se acada o límite, ninguén máis pode seleccionar esa opción. Se os límites se presentan desactivados, calquera número de participantes pode seleccionar calquera das opcións.

Resultados

- Publicar resultados: neste apartado podemos elixir se o alumnado poderá ver os resultados da Escolla.
- Privacidade dos resultados: no caso de elixir que o alumnado poida ver os resultados da Escolla, permite indicar como se desexa mostrar os datos do alumnado xunto coa da súa resposta.
- Mostrar columna para non respondida: permite amosar o alumnado que aínda está pendente de responder.

Configuración común do módulo

Na Escolla o modo de grupo compórtase do seguinte xeito:

- Sen grupos: o límite de participantes afecta a todos e todas por igual.
- Grupos separados: o límite de participantes por resposta aplícase só aos membros dun mesmo grupo. Despois de responder, os membros dun grupo poderán ver (*) unicamente as respostas do seu propio grupo.
- Grupos visibles: igual que grupos separados, pero ademais permite que calquera participante poida ver (*) o número de respostas de cada grupo.

(*) No caso de que o/a profesor/a permita ver os resultados ao crear a escolla.